

N A D A L

Decretaran
mil séculos de noite
no corazón do home.

Esmorecería a vida
como paxaro doente
rentes dunha invernía.

Cadaleitos con azas
ateigaban o ceo
asombrizando o sol
nun voo arrepiante.

Salaisban as ponlas
das malpocadas árvores
a pendurar o tempo
da xusticia, amoucado.

Medo e fame galgaban
aos cumios da existencia
e chantaban os dentes
na polpa do futuro:

Decretaran
mil séculos de noite
no corazón do home.

Camiños alongados
levaban a ningures.

Fontelas de volmeiro
engordaban a Sede,
eterna viaxeira
da linfa escouriada.

Era oficio de home
a salmodia da morte
no templo da miseria.

Acólitos das sombras
queimaban incensarios
con podre de sartegos.

Creibaban as campás
corvos nas badaledas.

Asañadas noitébregas
bebían o óleo santo
na candea sagrada
da esperanza do home.

i Pero nunca morrera
a esperanza do home!

Foi luz de vagalume,
non por pequena incerta.

Ali estaba e rompía
a mourenza da noite.

& & &

E chegou paseniño
debalando na historia
como unha barca mais.

Pero ancorou no tempo
unha mensaxe nova,
unha lei de irmandade
por séculos infindos.

E desterrou as tebras
do corazón do home
e entupiu-no de lúas
e de cantigas ledas.

Foi coma un viño doce
que escorrentara o medo,
un solimán de vida
que esconxurara a morte.

Foi auga brincadeira
de limpeza e fartura,
camiño con chegada,
campá que toca a festa.

Dixo: " SEXA O AMOR"
e fai NADAL no mundo.

Abalo- debalo-
Lema: